

VALIDACIÓNS PARA O ALUMNADO DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA E DAS ENSINANZAS DE RÉXIME XERAL

A Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23 regula na súa disposición adicional terceira. Medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danzas e as ensinanzas de réxime xeral:

- 1. *A Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral será de aplicación no curso 2022/23 tendo en conta as seguintes consideracións: [...].*

O número cinco da dita disposición regula:

- 5. *O alumnado interesado en solicitar a validación dunha materia de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato [...] presentarán durante o mes de setembro a correspondente solicitude.*

Por outra banda, o Ministerio de Educación e Formación Profesional está a tramitar unha modificación do *Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza*, que afecta aos anexos II, III, IV e V dese Real decreto 242/2009.

Ante esta situación, que está a xerar moitas dúbidas nos centros educativos en relación ás materias que son susceptibles de validación, trasládanse as seguintes indicacións:

- A normativa actual en vigor é a Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral. Polo tanto, os centros deben empregar esta Orde do 7 de xullo de 2010 para resolver as solicitudes de validación, coas consideracións establecidas na Resolución do 26 de maio de 2022
- O alumnado poderá validar todas as materias que se determinen nesa Orde do 7 de xullo de 2010, sempre e cando cumpra coas condicións previstas na mesma.

Cando se publique a modificación do Real decreto 242/2009, de 27 de febreiro, de entrar en vigor no curso 2022-2023, remitiranse unhas novas instrucións sobre esta cuestión.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Para a correcta aplicación do establecido nesta táboa cómpre ter en conta que cada materia só poderá ser utilizada unha única vez para as validacións, a excepción da consideración do apartado 1.a) da Disposición adicional terceira da Resolución do 26 de maio de 2022, no que se fai referencia á materia de Música do 2º curso e a materia de Música do 3º curso.

A proba de acceso a calquera dos cursos de Música ou Danza considerárase, a estes efectos, como unha materia, e só terase en conta unha única proba de acceso por alumna/o.

| CURSO | MATERIAS SUSCEPTIBLES DE VALIDACIÓN | MATERIA REQUIRIDA DAS ENSEÑANZAS PROFESIONAIS DE DANZA | MATERIA REQUIRIDA DAS ENSEÑANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA | ANEXOS DA ORDE DO 7 DE XULLO DE 2010 | DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª RESOLUCIÓN DO 26 DE MAIO DE 2022 |
|-----------------|--|--|---|--------------------------------------|---|
| 1º ESO (LOMLOE) | --- | ---- | ---- | ---- | --- |
| 2º ESO (LOMCE) | <i>Música</i> | Primeiro curso de Música | Primeiro curso de Instrumento ou Voz | Anexo I | 1.a) |
| | Materia de libre configuración | Proba de acceso a calquera dos cursos de Danza | Proba de acceso a calquera dos cursos de Música | Anexo VI | 1.b) |
| 3º ESO (LOMLOE) | <i>Música</i> | Primeiro curso de Música | Primeiro curso de Instrumento ou Voz | Anexo I | 1.a) |
| | <i>Cultura clásica</i> <i>Educación Dixital</i> <i>Oratoria</i> <i>Segunda Lingua Estranxeira</i> | Danza galega ou proba de acceso a calquera dos cursos de Danza | Linguaxe musical dun curso ou a proba de acceso a calquera dos cursos de Música | Anexo VI | 1.c) |
| 4º ESO (LOMCE) | <i>Música</i> | Segundo curso de Música | Segundo curso de Instrumento ou Voz | Anexo I | ningunha |
| | Unha materia do bloque de materias específicas | Danza galega ou proba de acceso a calquera dos cursos de Danza | Linguaxe musical dun curso ou a proba de acceso a calquera dos cursos de Música | Anexo VI | 1.d) |

BACHARELATO (ALUMNADO DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE DANZA)

| CURSO | MATERIAS SUSCEPTIBLES DE VALIDACIÓN | MATERIA REQUIRIDA DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE DANZA | ANEXOS DA ORDE DO 7 DE XULLO DE 2010 | DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª RESOLUCIÓN DO 26 DE MAIO DE 2022 |
|-----------------|---|---|---|--|
| 1º BAC (LOMLOE) | Anatomía Aplicada | 1º e 2º cursos de Anatomía Aplicada á Danza | Anexo III | ningunha |
| | Linguaxe e Práctica Musical | 3º curso de Música | Anexo III | ningunha |
| | A materia optativa recollida no artigo 22.9 da Resolución do 26 de maio de 2022 | 1º curso de Acondicionamento físico | Anexo VII | 1.e) |
| 2º BAC (LOMCE) | Historia da Música e da Danza | 1º e 2º cursos de Historia da Danza | Anexo III | ningunha |
| | Unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño | 2º curso de Acondicionamento físico | Anexo VII | 1.f) |

BACHARELATO (ALUMNADO DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA)

| CURSO | MATERIAS SUSCEPTIBLES DE VALIDACIÓN | MATERIA REQUIRIDA DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE DANZA | ANEXOS DA ORDE DO 7 DE XULLO DE 2010 | DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª RESOLUCIÓN DO 26 DE MAIO DE 2022 |
|-----------------|---|---|---|--|
| 1º BAC (LOMLOE) | Análise Musical I | 2º curso de Harmonía | Anexo II | ningunha |
| | Linguaxe e Práctica Musical | 3º curso de Instrumento principal ou Voz | Anexo II | ningunha |
| | A materia optativa recollida no artigo 22.9 da Resolución do 26 de maio de 2022 | 1º curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro | Anexo VII | 1.e) |
| 2º BAC (LOMCE) | Análise Musical II | 1º curso de Análise | Anexo II | ningunha |
| | Historia da Música e da Danza | 1º e 2º cursos de Historia da Música | Anexo II | ningunha |
| | Unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño | 2º curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro | Anexo VII | 1.f) |